

FINAL 1

Mónica díxome que todo sairía ben...e foise para a casa, logo duns minutos baixei camiñando por uns carreiros ata chegar á Poza da Moura e ía, sentindo como as escamas do dragón substituían a miña pel velozmente, decidín non facer nada...xa que, aínda estando dentro da poza, a forza do dragón era superior á miña e ese día xa fora o suficientemente longo.

De súpeto, espertei e decateime de que durmira moito tempo. Agora eu e os meus pensamentos parecían estar dentro do dragón como nun cuarto sen portas, fabricado cun material que non podía romper. Apreciaba un estraño cheiro a comida, pero non se trataba de verduras, nin de chocolate, era olor á carne humana! E sen saber moi ben por que, iso producíame fame. Acordeime de Mónica e preocupeime por ela. Como reaccionaría o dragón ante a súa presenza? Eu só sabía que a súa chegada estaba ao caer, lembrei os días na igrexa, a súa axuda, o sentimento de seguridade e forza que percorría o meu corpo cando estaba con ela e que me facía pequeniño ata case desaparecer cando ela non andaba cerca. Por un intre “o sentimento” fíxose realidade e floreceu no meu corazón volvendo a recorrer o meu corpo una vez máis levándome unha gran sorpresa xa que pensaba que nunca volvería a sentir algo que recordaba con tanto agarimo. Cheguei a pensar que debía de haber algo que non facía ben ou que levaba tempo sen facer. Non era de matemáticas, nin sobre o dragón, era de Mónica, de como era ela, de que con ela todo parecía máis sinxelo, como se Mónica estivera dentro de min. E de novo, volví a ser eu e pensei “teño que salvala”. Mónica era a miña forza interior, a que facía que o meu corpo avanzase sen preocuparme polo exterior. Ela. Ao pensar nesa palabra sentín a súa voz como se volvea a estar xunto a min dicíndome: “Hadrián, estás aparrulado” e para a miña sorpresa alí estaba en fronte do dragón, chamándome, como se ela soubese que podía escoitala e notei que toda a súa forza

estaba comigo e que podía controlar ao dragón. Nese instante sentínme como na igrexa de San Pedro, como se o dragón xa non estivera comigo e una luz cegadora inundou o espazo que me rodeaba e sentín que me esvaecía.

Espertei coa man de Mónica na pouta (no palma que nunca recobrava a miña pel) e o control do meu corpo xa non era o do dragón e notei como a forza da miña amiga facía o efecto da igrexa. Eu volvía, por fin notei por última vez a voz do dragón asfixiado e sen forza. Xuntou todas as súas forzas e cun amago de retranca dixo "vese que agora che gusta estudar para os exames". Nun momento crin velo choscándome un ollo antes de esfumarse entre as sombras deixándome del soamente o seu recordo e unha marca na palma da man, que para o meu asombro desta vez parecía estar cortada polo medio cunha figura que parecía o meu retrato.

Cando volvíñ á realidade por completo e oín a voz de Mónica os seus ollos brillaban como nunca antes o fixeran. Deume unha aperta e mirándome fixamente dixo "estou contigo, nunca me volverei marchar, só contigo, sempre."

FINAL 2

Comezaba a escurecer. Mónica dispoñíase a saír da casa para levarlle a comida a Hadrián, ou ao que quedara del. Deixou atrás o colexio, a vila e un bo tramo de monte. Ía moi inquenda porque notaba a presenza de alguén, pero nada.

Chegou á poza da Moura e en canto deixou a cesta, un pano cun olor noxento tapoulle a boca e despois diso adormeceu. Non sabe o tempo que pasara cando o son dunha porta pechándose fíxo a despertar.

-Por fin espertas muller?

-Quen es?

-Paréceme moi mal que non me recoñezas -dixo ríndose- Chapona!

-Fáiseme coñecida atúa voz. Xa sei que es! Brais!

-Por fin te das conta -riu- Moi ben.

-Que queres de min? Por que me tes aquí?

-Quero moitas cousas de ti e ata que as obteña todas non sairás de aquí -dixo saíndo da habitación- Todas!!

-Teño que saír de aquí como sexa -pensou moi preocupada,

Pasaron os días. Hadrián notaba a falta da súa compañeira cada vez máis e decidiu saía buscala pola vila. Agora non tiña problemas pois, coa axuda de Dragal, conseguira facerse invisible.

Hadrián pasou toda a tarde buscando a Mónica, pero non a atopou. Cando xa estaba desesperado chegou á praza onde só había pombas e unhas señoras sentadas nun banco. Xa se ía para o seu agocho cando oiu a conversa das señoras.

-Enteráchestes do que pasou coa rapaza?

-Non. Que pasou?

-Hai uns días seica secuestraron a unha nena e a policía encontrouna morta cerca da casa de Brais, un compañeiro.

-Que desgracia! Quen era?

-A Mónica, a filla do Antonio, o pescador.

-A filla do Antonio! Que mágoa. Ninguén merece algo así...

-Era unha nena moi boa e bonitiña.

Hadrián ao oír esa conversación, caeulle a alma aos pés. Coas bágoas pola cara e o corazón roto volveu para a poza da Moura. Para relaxarse un pouco, sumerxeuse na última das dúas pozas, pasou un bo anaco e notábase cada vez máis lixeiro. Abriu os ollos e deuse conta que xa non tiña o aspecto de dragón e que volvía ser o rapaz de sempre.

Ese cambio tranquilizouno moito e decidiu volver á igrexa de San Pedro, a aquelas horas ninguén o vería.

Cando Hadrián chegou á Igrexa as portas abríronse soas e mentres camiñaba polo interior observaba como o rodeaban unhas esferas transparentes con imaxes dos anteriores mestres. Seguiu camiñando e cando chegou a unha mesa que había no centro do templo viu unha esfera máis grande e relucinte cás demais. Quíxoa tocar pero unha voz interrompeuno.

-Benvido sexa, Mestre Dragal, eu explicareille todo o acontecido neste tempo...

-Non entendo que é todo isto, pero o que de verdade me importa é salvar a Mónica!

-Verá, Mestre, segundo o libro do seu avó o poder de Dragal vén de hai séculos. Desde fai uns anos pódese gardar a alma do dragón sen matalo. O Mestre que consiga dominalo terá vida eterna, pero hai outra opción que o libro non di..

-Cal é a outra opción?

-Tes a opción de devolverlle a vida a esa persoa que che importa tanto, pero se ti elixes iso as vosas vidas non poderán coincidir. Nunca volverás a vela! Cada un irá por un camiño e nunca se cruzará co outro. Ti elixes.

-Pois xa escollín!

FINAL 3

Despois de darse conta de que Dragal se estaba apoderando del e chegar a poza da moura, meteuse e aguantando todo o que puido. Ao saír xa non sentía a Dragal invadindo a súa mente, nin tampouco esa sensación de que Dragal atacaría de novo, pero si que deixara rastro no seu aspecto físico. Tiña escamas nas mans, unhas ás moi pequeniñas nas costas e uns ollos de réptil.

Logo de que Mónica fora levarlle a comida e de que mantiveran unha longa conversa, decidiron que Hadrián debía regresar á casa e a súa vida normal. Porque aínda que non era fácil podíanse disimular os

restos que Dragal deixara nel; cunhas luvas que lle taparan as mans, con roupa non moi axustada para disimular as pequenas ás e con unhas lentes de contacto da súa cor de ollos podía disimular os ollos do réptil.

Así fixo e ao chegar á casa desculpou a tardanza coa escusa de que, tras un paseo con Mónica despois das clases, colleran un camiño dende o cal non sabían volver a casa. Súa nai non dubidou xa que o único que quería era ver ao seu fillo.

Na cea, logo de responder algunhas preguntas sobre a rareza dos seus xestos e da súa actitude, con simples escusas, librou e puido irse ao seu dormitorio á pensar nas moitas cousas que pasaron ese día.

Ao día seguinte Hadrián iría á clase coma se fora un día normal. Pero cando se ergueu...

De repente Hadrián dáse conta de que se deixou levar pola imaxinación, a historia fantástica que lles mandara escribir a profesora de galego converterase en centos de páxinas e aínda que o soo non lle permitía continuar, necesitaba facelo.

FINAL 4

Cando Hadrián se converteu en dragón, foi á poza da Moura, a ver se podía ter todos os poderes que el quixese. A Moura díxolle que si, entón, el foi correndo onda Mónica e transformouna nun dragón de moitas cores. Mónica tamén podía ter os poderes que ela quixese, entón eles podían falar, cantar. Hadrián e Mónica puxéronse de acordo e decidiron ir facer unha viaxe a un país chamado Dragolandia, que non coñecían.

Unha vez que chegaron, viron unha igrexa moi grande e decorada con moitos animais, pero sobre todo dragóns. Era a igrexa de Dragolandia. Alí había un señor, e Mónica preguntoulle se había algún sitio interesante para visitar. O home díxolle que si que había unha cova moi grande que non se sabe moi ben o que hai alí. O señor explicoulles onde estaba e entón Mónica e Hadrián dirixíronse cara a cova.

Ao chegar, viron unha cova enorme feita de pedra. Hadrián tiña un pouco de medo pero Mónica animouno a entrar. Cando entraron non vían nada por moito que mirasen cara arriba, para os lados, cara abaixo e nada, ata que oíron un ruído moi estraño e viron unha luz alí ó fondo. Cando se achegaron cara ela viron que había moitísimos dragóns e alí, alí quedaron para sempre.

Ben, case nada é para sempre.